CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Asetem-CCA e Banco Sabadell asinan un convenio de colaboración P3

MELIDE
O Concello sae ao paso das "dúbidas" nas obras do Cantón P11

CULTURA
Achegámonos á maxia da man do mago melidense Dani Polo P18

ENTREVISTA

Luz Abal, Alain Afflelou P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 153. Outubro 2018. Distribución gratuíta

Casa Mejuto: unha aposta renovada que lanza o seu primeiro vermú

Novas instalacións e novos produtos, pero a receita de sempre; iso é o que define a Casa Mejuto, que vén de lanzar o seu primeiro vermú. Sendo unha empresa familiar e conservando o carácter tradicional, Casa Mejuto conta agora con máis potencial á hora de producir e preservar a calidade dos seus licores, grazas á apertura dunhas novas instalacións que mesturan tradición e innovación, e que foron pensadas e deseñadas en exclusiva para este negocio melidense. P4

O CEIP Arcediago continuará cun profesor a media xornada

Educación non atende as peticións da Anpa do colexio de Arcediago que, tras comezar o curso dúas semanas máis tarde, continuarán coas mobilizacións. P12

Moda, música e diversión na pasarela do CCA-Asetem

A Casa da Cultura de Melide vestiu as súas mellores galas para acoller a quinta edición da pasarela Melide Está de Moda, que este ano pechou cun vestido de noiva. P8

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A lingua, un tesouro

A cultura que posúe unha persoa nútrese de coñecementos variados, e entre eses coñecementos atópase a propia lingua. Non é de estrañar polo tanto que, cantas máis linguas saibamos falar, máis amplos coñecementos teremos e, por tanto, gozaremos dunha cultura máis rica e variada.

Non o debe pensar así o deputado da formación política Ciudadanos, Toni Cantó, ao atreverse a afirmar -baseándose non sabemos moi ben en que- que "es un hecho que el castellano ha desaparecido de Galicia" e, baixo ese pretexto, reivindicar que o coñecemento das linguas cooficiais non sexa un requisito para acceder a un emprego público nas comunidades bilingües.

Dende logo, hai que ver como de atrevida pode chegar a ser a ignorancia dunha persoa para ousar facer tal petición; petición por certo que foi apoiada polo Partido Popular baixo a escusa de eliminar as "barreiras lingüísticas". Pero vamos a ver, queren eliminar as barreiras lingüísticas e o mellor que se lles ocorre é suprimir o requisito de coñecer un idioma? Un idioma propio, a nosa lingua. Claro, en vez de fomentar o seu uso é mellor suprimilo.

Partindo da base de que cada un é libre de falar na lingua que lle pete, non deberiamos permitir semellantes ataques ao máis valioso que posúe un territorio: a súa cultura, a súa lingua, o seu pobo. Unha persoa que pretende ser representante dun país debería comezar por aceptar a diversidade lingüística do mesmo, coidala e potenciala.

Non é certo que o castelán desaparecese en Galicia. Calquera o pode comprobar a pé de rúa, ademais de que así o constatou a propia Real Academia Galega no seu último estudo sociolingüístico, onde se reflicte un aumento dende os anos 90 no número de persoas que falan o castelán. O estudo recolle frases textuais como "aínda que a foto fixa mostra unha situación de vitalidade, isto é, o galego como lingua inicial maioritaria en Galicia, as tendencias desde os anos 90 son as de bilingüización xunto cun incremento da monolingüización en castelán", ou, "...as prácticas lingüísticas en galego continúan diminuíndo. Este retroceso caracterízase, especialmente nos últimos anos, por unha forte monolingüización en castelán...".

Que necesidade hai entón de suprimir o galego como requisito para acceder a un posto de emprego público? Ata o de agora convivimos os castelanfalantes e os galegofalantes sen problema. O feito de ter que aprender unha lingua non pode converterse en algo negativo, ao contrario, enriquécenos como persoas, que non intenten convencernos do contrario.

Sigamos entón fomentando o seu uso mediante iniciativas como as de Melide, onde o Servizo de Normalización Lingüística da Terra de Melide entrega anualmente un premio á Defensa do Idioma; e iniciativas como os pequenos medios de comunicación desde os que contribuímos a difundir a nosa lingua; difundámolo tamén dende a escola e, por suposto, dende as nosas casas. Defendamos a nosa lingua como o tesouro que é.

Tribuna de opinión

Parabéns!

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

En Melide estamos de en hora boa, ou polo menos deberiamos estalo despois do recente cambio producido nas consellerías do Medio Rural e do Medio Ambiente.

A nosa veciña e ex-alcaldesa Ángeles Vázquez pasou a ocupar a consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, deixando atrás Medio Rural, trala remodelación que decidiu facer o presidente da Xunta no goberno galego. Vaian por diante os nosos parabéns e o desexo de que nas súas xestións a acompañen as mellores decisións.

Non obstante, non podemos máis que recibir o cambio expectantes, pois abonda con botar a vista atrás para constatar os problemas de saneamento que dende sempre lastraron á vila de Melide, de onde a nova conselleira e ex-alcaldesa procede. Problemas que continúan na actualidade; para mostra o polígono industrial aínda sen depuradora, as continuas verteduras ao río Furelos, o peche da praia fluvial de Furelos ao non ser apta para o baño, etc.

Entendemos que todos estes problemas que aínda ninguén foi quen de solucionar, agora serán unha prioridade para a nova titular de Medio Ambiente, máis que nada porque vai a ser o seu ámbito de traballo, conta cunha dilatada experiencia no terreo e, como non, xoga na casa.

Con todo isto, non nos queda máis que felicitala de novo e agardar vindeiros movementos que, esperemos, se traduzan en medidas reais e efectivas en beneficio de Melide, da comarca e tamén de toda a comunidade galega.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, O Pequeno Besbello, Pablo Lorenzo, Emilio Ares
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....12
- CULTURA E LECER.....18
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

Vantaxes para os socios de Asetem grazas á sinatura dun convenio con Banco Sabadell

A Asociación de Empresarios Terra de Melide e o Banco Sabadell asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de ofrecer aos socios de Asetem, clientes da entidade bancaria, mellores condicións. Entre esas condicións figuran a de Cero Comisións pola administración e mantemento da conta, cero comisións tamén polas transferencias nacionais e a países do Espazo Económico Europeo a través do servizo de tramitación de recibos BS Online, así como polo ingreso de cheques en euros domiciliados en entidades de crédito españolas

Outra das vantaxes máis destacadas é a de que a todos os asociados a Asetem que teñan domiciliada a cota da asociación no Banco Sabadell devolveráselles a finais de ano o 10% da súa cota de asociado, o que supón o importe de máis dunha mensualidade.

A través da *Conta Expansión Negocios PRO*, os membros da Asociación de Empresarios Terra de Melide, así como os empregados e familiares dos asociados, tamén contarán con outras vantaxes como unha tarxeta de débito e outra de crédito gratis, a retirada de diñeiro de forma gratuíta nunha ampla rede de caixeiros, financiamento á medida do negocio e o Terminal Punto de Venta (TPV) en condicións preferentes.

Tanto o presidente e a xerente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, como os representantes do Banco Sabadell amosáronse satisfeitos coa firma deste convenio que "permitirá aos asociados con contas nesta entidade bancaria dispoñer de certas condicións que revertan no seu beneficio e no dos seus propios negocios", sinalou o presidente de Asetem, Manuel Vázquez.

Os interesados en coñecer máis detalles sobre este programa e as súas vantaxes poderán solicitar máis información en calquera oficina de Banco Sabadell.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

DIANA FEIJOO, SALACADULA SHOP *Av. de América 3 (Melide)*

"Ademais da tenda faremos actividades, como unha firma de libros o día 26"

Os produtos de Salacadula Shop xa poden mercarse tamén a través das redes sociais (Facebook e Instagram), e en breve a través da páxina web: www.salacadulashop.es

Abriu as portas do seu negocio o pasado 2 de outubro, pero máis que do seu negocio poderiamos dicir da súa casa; e é que Salacadula Shop é o proxecto máis persoal desta emprendedora. Falamos con Diana Feijoo para saber que podemos atopar na súa tenda.

- Que é Salacadula Shop?

- Diana Feijoo (D.F.): Salacadula son moitas cousas, a idea é que sexa unha tenda familiar á que poida vir calquera membro da familia, dende a avoa ata o papá, ata a futura mamá, os amigos que lle queren facer un regalo, etc. Que todos poidan comprar aquí e que por exemplo leves algo para un bebé acabado de nacer, pero tamén para os seus irmáns maiores, que todo o encontren na tenda.

- E que podemos atopar en Salacadula?

- D.F.: Sexa o que sexa, todo con moito cariño, ese regalo que se fai con afecto, porque para compras frías xa están as grandes superficies comerciais. O que busco é que todo teña un toque diferente, porque as tendas pequenas o que temos que facer é traballar ese aspecto. E despois, o que podemos atopar na tenda divídese en varias partes; hai unha zona de roupa, onde traballaremos dende 0 ata 5-6 anos, aínda que quero aumentar máis, pero escollendo con moito coidado os provedores, por iso vou máis lenta do habitual, porque moitas cousas próboas eu primeiro antes de elixilas. En moda haberá cousas clásicas, pero tamén moi modernas, sobre todo de estilo minimalista. O que busco na roupa é que sexa de calidade, non moi cara e principalmente que os nenos vaian cómodos. Despois tamén temos outra zona de xoguetes, sobre todo de madeira e dos que fomenten a imaxinación, peluches sensoriais, etc, saíndonos un pouco do típico. Temos tamén bolsos, neceseres, sacos, edredóns, sabas, tamén teremos berces, temos muselinas de estampados variados, termos e moitas cousas máis; un pouco de todo porque non me quero cerrar a mamás, papás e nenos, quero que aínda que non teñas nenos poidas atopar aquí cousiñas para ti. E finalmente tamén haberá unha zona de libros onde ademais quero facer contacontos, charlas e outras actividades, pero aínda estou estudando o tema con calma. Quero que sexa unha área para pensar, ler e mercar libros, unha biblioteca que sirva para gozar e aprender.

- Ten pechada algunha actividade para comezar?

- D.F.: Si, arrancamos o día 26 de outubro cunha firma de libros de Ana Meilán, que ten contos preciosos en galego e en castelán. E despois mirarei máis cousas, ata me gustaría facer algún taller ou charla, sexa sobre a lactación, sobre masaxes para bebés, ou sobre outra cousa, pero para as mamás e tamén as que non son mamás.

- Creo que é Salacadula un proxecto moi persoal?

- D.F.: Totalmente. A miña tenda son eu, é un proxecto moi persoal, moi meu, así que a todo o que entre pola porta téñolle que dar as grazas porque entra a comprar na miña casa, por dicilo así. Eu escollín provedor por provedor, fun probando cada cousa antes de decidirme para saber o que vendo, son casas moi escollidas e un proxecto moi meditado.

- E como é que se decidiu a emprender algo así?

- D.F.: Pois mira, eu tiven sobriños con 9 anos e aí comezou a miña vena maternal, encántanme os nenos dende sempre, encántame a súa maneira de ver as cousas, a súa inocencia, esa imaxinación, oxalá todos vivíramos nese punto de vista sempre. Así que pensei en buscar coa miña tenda que os papás teñan un momento cos seus nenos a través do que compren aquí, que pasen tempo con eles. Por exemplo, os xoguetes que temos son os típicos para compartir cos nenos, para que pasen tempo con eles, porque ao final de maior non te vas a lembrar do xoguete máis caro que tiñas, senón do tempo que compartiches xogando con alguén, vas lembrar momentos e o que quero con todo o que hai na miña tenda é dar pé a vivir eses momentos.

- O nome de Salacadula vén de...

- D.F.: Salacadula é a canción que lle cantaba a fada madriña á Cenicienta e que converte todo, todo é imaxinación, e isto tamén quero que sexa imaxinación, ou polo menos que se potencie dende aquí.

“Elaboramos as receitas de sempre, pero aumentamos os produtos e a súa calidade”

Entramos nas novas instalacións de Casa Mejuto e un olor inconfundible trasládanos á hora do aperitivo, ou á hora da sobremesa... en realidade, a calquera hora na que nos apeteza gozar dun bo licor. Esa é a sensación que nos invade nada máis acceder ao interior dun recinto completamente renovado, moderno e innovador, pensado e deseñado exclusivamente para a comercialización dos seus produtos. “Toda a vida nos dedicamos ao tema dos licores, o que pasa é que non tiñamos estas instalacións, entón o que faciamos era fabricar as nosas receitas noutras empresas mediante convenios”, explica o propietario do negocio, José Antonio Mejuto.

José Antonio nas novas instalacións de Casa Mejuto onde elabora as variedades que comercializa (arriba), e proceso de embotellado (abaixo)



Que pasou agora, pois que co paso do tempo as vendas foron aumentando e José Antonio viuse coa capacidade de afrontar un novo reto, “por iso me decidín dar este paso”, di; un paso que por suposto mantén a esencia e a tradición dos seus inicios. “É importante que a xente saiba que as receitas son as mesmas de sempre, isto non é unha empresa nova que se fixo agora, senón que eu levo toda a vida nisto, por iso as receitas son as mesmas, pero aumentamos os produtos e tamén a súa calidade”. “Compre lembrar”, continúa José Antonio, “que nos distinguimos doutras empresas por elaborar os produtos de forma tradicional e todo por maceración; é dicir, todos os produtos que sexan susceptibles de macerar, macerámolos, con produto natural, e todo o que se poida comprar aquí na vila a empresas locais, mercámolo aquí. Nós non facemos os licores con aromas artificiais, senón con produtos naturais e sempre primando aos produtores locais. Aquí non se fai o licor de café sen café, nin o licor de herbas sen herbas, e iso ao final o consumidor percíbeo na calidade”.

Variedade de licores e lanzamento do vermú Mejuto

Casa Mejuto conta con vinte referencias distintas de licores elaborados desde a orixe, coas súas propias receitas e, dende hai uns meses con un vermú: o vermú Mejuto.

“O vermú é unha aposta nova; levamos máis ou menos dous anos investigando e facendo probas. Hai que dicir que o vermú dá moito traballo porque o elaboramos igual que os licores, para elaboralo empregamos 25 botánicos distintos, 25 herbas naturais distintas; é dicir, é unha mestura de viños galegos das mellores calidades macerados en 25 botánicos distintos previo toque de madeira dos viños en barricas de carballo francés”.

Tras lanzar as primeiras mostras ao mercado a aceptación e resposta do consumidor está a ser satisfactoria. “O mercado está respondendo moi ben e agora iremos adaptándonos aos gustos maioritarios dos clientes, quizais un pouco máis forte ou máis doce, buscar ese punto de equilibrio entre o amargo e o doce, xa imos vendo como van saíndo as cousas porque somos susceptibles de mellorar todo o que poidamos mellorar”.

Os primeiros exemplares distribuíronse en Melide e a nivel Galicia, pero tamén por todo o territorio nacional debido a que coa chegada dos turistas no verán, moitos aproveitaron as vacacións para mercar en Casa Mejuto e levar o seu vermú. “Elaboramos tanto o vermú branco como o vermello, e de momento os dous responden ben. Incluso xa o enviamos para Madrid, Bilbao ou Córdoba a través de clientes que temos fóra dende hai moitos anos”.

Casa Mejuto, unha aposta renovada que mantén a tradición

Para o vermú Mejuto realizouse un primeiro deseño que aínda está en fase de perfeccionamento. “Foi un primeiro lanzamento e decidimos chamarlle tal e como nos coñecen, porque os licores Mejuto coñéceos todo o mundo, pero aproveitando decidimos dar unha nova imaxe nas etiquetas e chamámoslle Casa Mejuto, aínda que somos os mesmos e o produto é o de sempre”.

José Antonio explica que a elección de Casa Mejuto pasa precisamente polas súas orixes: “a orixe desta empresa no ano 1954 foron meus avós, eles abriron un pequeno ultramarinos que estaba na estrada de Agolada e eu quíxenlle facer unha pequena homenaxe ás miñas orixes, ao lugar de onde veño, e de onde veño é de aí, de Casa Mejuto, por iso decidín chamarlle así. Que mellor que, agora que fago unha nova imaxe, pois conxugar a última tecnoloxía para elaborar os licores coa tradición, a forza e a enerxía que me transmitiron meus avós, xente loitadora e emprendedora que me marcou e que nos caracteriza”.

Unha fábrica punteira

Sendo unha empresa familiar e conservando sempre o carácter tradicional, Casa Mejuto conta agora con moito máis potencial á hora de producir e preservar a calidade dos seus produtos grazas a apertura das novas instalacións; unhas instalacións que foron deseñadas en exclusiva para este negocio melidense.

“O sistema é o seguinte: aquí recibimos toda a materia prima, os barrís son onde se envellecen os viños para facer o vermú, dáselle un toque de madeira, só un toque para que extraia certos aromas; despois noutras cubas é onde acumulamos a materia prima, a que chega á fábrica, e despois diso, unha vez que a materia prima pasa o ok de graduación etc, a través dun aparatiño introducimos as nosas formulacións. Logo o que pasa é que o produto que cae no recipiente cae polo seu propio peso, non vai bombeado, non vai forzado, por iso é moito máis artesanal e tradicional o proceso, é como se mesturáramos o produto a man, tanto as distintas augardentes, como o azucre, os aromas, etc. Despois realízase o proceso de maceración noutros tanques, e mediante un sistema que controlamos nós conseguimos que a maceración sexa sempre a mesma. Que logramos con todo isto, pois que aínda que a primeira vista o proceso pareza moi tecnolóxico o resultado é o tradicional posto que non tocamos o produto para nada; é dicir, na fábrica fusionamos a tradición coa tecnoloxía. Ademais, todo o deseñado para esta fábrica foi elaborado especificamente para estas instalacións única e exclusivamente por un motivo, para aproveitar o sabor do produto o máximo posible manipulándoo o mínimo posible”. Sobra dicir que todo este proceso está complementado coas medidas sanitarias, hixiénicas e de control necesarias. “Obtemos un produto pouco manipulado que chega ao consumidor con total garantía sanitaria, un produto totalmente san, de calidade e completamente natural como puidera facer calquera na súa casa, pero en maior cantidade”.

Unha vez que o produto está listo, a liña de embotellado realiza o proceso final enchendo, taponando, precintando e poñendo as etiquetas. A capacidade de produción destas novas instalacións de Casa Mejuto é dunhas 500 - 600 botellas á hora.

Coa mente posta xa en máis proxectos que de momento non desvelan, Casa Mejuto continúa a medrar e promover os seus licores e vermú. Para iso ademais realiza degustacións gratuítas na propia bodega.

SABER DE LEI

O dereito do pai que non ostenta a custodia, a ter información dos seus fillos

E&M AVOGADOS

No noso país non existe unha lei que explicitamente obrigue ao pai custodio a informar sobre os seus fillos ao pai que non ostenta a custodia sobre os mesmos. Unicamente encontramos un artigo do Código Civil que establece que a patria potestade exercerase por ambos proxenitores ou por uno só co consentimento expreso ou tácito do outro, sendo válidos os actos que realice un deles conforme ao uso social e ás circunstancias, ou en situacións de urxente necesidade. Por iso, esta cuestión tan relevante tivo que ser abordada pola xurisprudencia para establecer cales son as decisións que atinxen aos fillos que requiren do consenso de ambos pais.

En circunstancias de non convivencia de ambos proxenitores, a patria potestade dos fillos ostentaríaa o pai que non ten a garda e custodia, quedando esta última no ámbito do proxenitor custodio que tería a garda e custodia dos menores. A patria potestade, a tenor do establecido no artigo 154, debe de exercerse sempre en interese dos fillos, e entre os seus deberes e facultades atópanse as que atinxen ao coidado persoal do menor, como velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral, e as relacionadas coa vertente patrimonial como representalos e administrar os seus bens. Está claro que para poder realizar estas obrigas correctamente é necesario que os pais teñan información veraz e actualizada dos seus fillos menores e, para iso, é necesario que a proporcionen entre eles. Dito dereito de información entre ambos proxenitores só se recolle no noso país nalgúns ordenamentos forais que a continuación pasamos a recoller.

O Código de dereito foral de Aragón recolle que os pais, aínda que non ostenten a autoridade familiar ou non vivan co fillo menor, teñen o dereito e obriga de informarse reciprocamente acerca da situación persoal do fillo. Así mesmo, tamén establece que a ruptura non afecta aos dereitos e obrigas propios da autoridade familiar, e indica que eses dereitos deben de harmonizarse cos principios de liberdade de pacto, de información recíproca, e de lealdade en beneficio do menor, reiterándose o deber de información recíproca. Noutro dos seus artigos faculta a cada cónxuxe para exixir ao outro cónxuxe información suficiente e periódica da xestión do seu patrimonio, ingresos e actividades económicas, a fin de poder tomar decisións sobre a economía familiar e a atención das necesidades familiares.

O Código de dereito civil de Cataluña establece o deber de información no exercicio da potestade parental, e impón ao proxenitor que estea exercendo a potestade parental o deber de informar ao outro de forma inmediata dos feitos relevantes que se produzan no coidado do fillo e na administración do seu patrimonio, e con carácter ordinario cada tres meses, sendo este deber recíproco, é dicir, tamén incumbe ao proxenitor non custodio cando os nenos se encontren na súa compañía.

Debido a esta falta de regulación foi a xurisprudencia a que considerou necesario para o exercicio da patria potestade, que os dous proxenitores se dean información que lles permita coñecer a situación dos seus fillos. Así mesmo, algunhas resolucións incorporan no seu fallo a obriga de ambos proxenitores de informarse mutuamente sobre todas as cuestións relevantes que afecten aos seus fillos. Por tanto, no noso país este tema queda relegado polo momento ao que os xuíces diten sobre el nas súas Sentenzas.

E&M AVOGADOS — Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Ana Mato e Iria Expósito — Tlfs: 605 270 282/671 833 425

EMPRENDEDORES EN MELIDE

JUAN LOUREIRO DÍAZ, MEyPA Instalacións Eléctricas

"Hai cousas que non fago, porque por encima de todo está a seguridade"

Vehículo e algúns dos traballos realizados por MEyPA

Leva máis de seis anos realizando todo tipo de instalacións eléctricas tanto en Melide como arredores, ademais de por toda Galicia. É socio de Asinec, Asociación Provincial de Industriais Electricistas e de Telecomunicacións de A Coruña, e agora de Asetem. Coñecemos un pouco máis sobre MEyPA Instalacións Eléctricas.

- De onde vén o nome de MEyPA?

- Juan Loureiro (J.L.): Pois ocorréuseme así, de Melide e Palas, meu pai é de Melide e miña nai de Palas, de aí saíu MEyPA.

- Que servizos abarca MEyPA?

- J.L.: Todo o que son instalacións eléctricas en xeral tanto en vivendas como en comercio, hostalería, en granxas, obras, etc; tamén adaptamos as instalacións á normativa que esixe Fenosa e Industria no relativo aos contadores da luz, realizamos a colocación e conexión de motores de auga (bombas somerxibles de achique, de aspiración...), iluminación, etc. Facemos un pouco de todo -a instalación, reparación e mantemento-, e non só pola zona de Melide, senón tamén pola comarca, arredores, provincia e fóra da provincia.

- Como acabou dedicándose a isto?

- J.L.: A verdade é que levaba moito tempo traballando para outras empresas e as experiencias fixéronme pensar na idea de que o mellor era montar algo propio. Ademais, como xa me dedicaba a isto pois pensei que era unha boa opción.

- E que tal resultou emprender, como foron os inicios?

- J.L.: Eu comecei desde cero, practicamente sen nada, cunha tesoira, un destornillador e un taladro que tiña e nada máis. E despois pouco a pouco facendo traballos e dándome a coñecer. Pero emprender foi bastante duro e un período largo, aínda a día de hoxe moitas veces resulta difícil, sobre todo facer fronte aos grandes competidores como poden ser as grandes áreas comerciais.

- No seu sector, cales son as vantaxes fronte ás grandes superficies comerciais?

- J.L.: O feito de que os servizos son máis personalizados e a confianza que lle ofreces aos clientes, que saben que se algo sae mal teñen a onde acudir para reparalo, a garantía que ofrecemos de traballar pensando na calidade do servizo. Eu por exemplo hai cousas que me nego a facer, porque se non as fago para min non as vou a facer para os clientes.

- Como por exemplo...

- J.L.: Pois por exemplo como cando nunha instalación che di o cliente "déixao así que xa vale así", pois eu se vexo que pode ser perigoso tanto para o cliente como para os usuarios, ou que non cumpre a normativa de seguridade, pois non o deixo así. Por encima de todo sempre está a seguridade, porque ves cousas por aí moi curiosas, por dicilo dalgunha maneira.

- É habitual ter que ir a reparar un traballo que vostede non realizou?

- J.L.: Bastante habitual. Moitos clientes pensan que por aforrar un pouco van saír gañando e, ao final, non é así, porque despois hai que ir de segundas a reparar os danos e iso sae máis caro. E despois claro, tamén hai moita competencia desleal, e tamén hai moitos centros comerciais cos que é imposible competir a nivel de prezos, e o peor é que moitos cren que van aforrar, cando a longo prazo non é así.

- No seu sector abundarán as anécdotas...

- J.L.: Unha das máis habituais é o feito de que te chamen para ir a facer unha reparación porque o cliente non ten luz, e ao chegar alí resulta que a lámpada está fundida ou o aparato desenchufado. Pasa máis veces do que pensamos.

I Festa Infantil de Volta ao Cole

A campaña de Volta ao Cole con descontos para familias numerosas organizada pola Asociación de Empresarios Terra de Melide contou este ano por primeira vez coa celebración dunha gran festa infantil. Así, o pasado 21 de setembro os máis pequenos, e os non tan pequenos, puideron gozar de diferenes actividades e xogos no parque Rosalía de Castro de Melide. Todo un éxito de convocatoria organizada pola empresa de animación Xanela Ocio.

Curso de Benestar Animal

Asetem desenvolverá **a partir do 12 de novembro** un curso de Benestar Animal e Transporte de Animais Vivos. O curso, impartido por Juan Manuel González, está composto por dous módulos de 20 horas cada un. O horario será **de 20.45 a 23.15 horas** de luns a venres nas isntalacións de Asetem. Os interesados en facelo deberán anotarse **antes do 5 de novembro** chamando ao 981506188. O curso está aberto a todos as persoas interesadas, sexan asociados ou non.

Prevención de Riscos Laborais

O **24 de outubro, a partir das 20.00 horas**, terá lugar nas instalacións de Asetem unha xornada sobre Sensibilización en prevención de Riscos Laborais no pequeno comercio, tanto para empresarios como para traballadores. Os interesados en participar deberán anotarse chamando ao 981506188. A xornada está aberta tanto aos socios de Asetem como aos non socios.

DairyLac promove a reciclaxe

A empresa láctea Dairylac, con sede en Melide, vén de lanzar ao mercado a súa marca de leite Deleitar nun envase de cartón cen por cen renovable. Trátase do primeiro envase "con tapón e laminación de plástico de orixe vexetal ao proceder a súa composición da caña de azucre".

Xornada informativa no comercio

Algúns dos empresarios asociados ao CCA-Asetem participaron o pasado 24 de setembro nunha xornada sobre fidelización e innovación no comercio local. Dúas poñentes explicaron polo miúdo aos asistentes como mellorar a atención aos clientes no día a día, tratando de evitar algunhas das deficiencias máis comúns detectadas na prestación de servizos. Tamén se resolveron as dúbidas xurdidas con respecto ao programa de Mystery Shopping, que serve para avaliar a calidade na atención e trato aos consumidores.

POR SER DE XUSTIZA

A obriga de coidados

Eva Novás
Avogada

A situación de dependencia nos últimos anos da vida e a necesidade de atención fai que moitas persoas, sobre todo se non teñen fillos, decidan facer un tipo de testamento coñecido como "a quen me coide". Trátase de dispoñer a herdanza de modo que se vexan recompensados e recoñecidos aqueles que se dedicaron a coidar do testador ata a súa morte. Emprégase con frecuencia por aquelas persoas que, dispoñendo de bens, non desexan ser coidadas nunha institución, senón na súa propia vivenda. A través desta condición, o testador pode establecer a obriga de recibir coidados tanto para si mesmo como para outra persoa, sendo tamén habitual facelo a favor do cónxuxe ou mesmo dun fillo que necesite de atención. E pode escoller que estes coidados os proporcione unha persoa física ou unha entidade ou persoa xurídica.

Igualmente se pode dispoñer a forma exacta en que se desexa recibir estes coidados: se na propia vivenda do testador ou na do coidador. Ou ben se será obrigatoria a convivencia co coidador ou abondará unicamente coa vixilancia por parte deste de que nada lle falte ó que é coidado. Por exemplo, se por razóns médicas ten que ser ingresado e non pode ser atendido na vivenda que indicou. Esta obriga pódese moderar, establecendo que os coidados sexan debidos só en caso de enfermidade ou en situación de necesidade. Canto máis precisas sexan as indicacións do testador, menos litixiosa será a sucesión.

Os conflitos, como é evidente, danse cando os sucesores saben que existe esta condición de coidados para un deles e consideran que non se cumpriu ou non se fixo de forma adecuada. O testador tamén pode designar un testamenteiro que comprobe se a condición dos coidados se levou a cabo debidamente. Cando existe unha obriga deste tipo, aínda que se estableza só para caso de enfermidade ou necesidade, préstase atención igualmente á atención afectiva, máis alá de que os coidados non sexan precisos ou xa estean cubertos. Pois non se trata só de actos materiais, senón tamén da relación entre o testador e o coidador. E a ausencia total de relación persoal entre eles pódese interpretar como desatención. Pensemos en persoas maiores que quixeron que os coidados se recibisen nun centro de xeriatría que eles mesmos pagaron pero que dispuxeron a favor de aqueles que os visitasen ou lles fixesen compañía ata o final da súa vida.

Polo xeral, considérase que a condición está cumprida cando os coidados non se poden prestar por impedimento ou vontade de quen ten que recibilos. Imaxinemos que no testamento se dispón que o cónxuxe ou un fillo sexa coidado por unha persoa en concreto, que este finalmente non acepta ou ca que a convivencia se volve insoportable sen culpa do coidador, que so pode limitarse a vixiar que nada lle falte, atendendo ás posibilidades reais das que dispón. A cousa pode complicarse máis aínda se hai terceiras persoas con intereses en dificultar ou impedir estes coidados.

Cun correcto asesoramento pódense evitar moitos problemas futuros. Debemos pensar que un testamento é un acto de plena vontade e de disposición sobre o noso, os propios bens e dereitos, que debería outorgarse sempre con total liberdade e con todo o detalle e precisión que cada un desexe. Como di o refrán, o testamento, sempre con tempo.

Eva Novás Mato
Avogada
Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Anúnciate no

Cerne

CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

981 50 61 88

info@asetem.com

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPD)

Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

marmolería melide

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

ESTAMOS EN:

Parque Empresarial La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

A pasarela en imaxes

Din que unha imaxe vale máis que mil palabras e, para mostra, un botón; aínda que máis que un botón, unha galería do que foi a quinta edición da pasarela Melide Está de Moda, outono-inverno, organizada polo Centro Comercial Aberto Asetem.

"Quizais participaron menos tendas que noutras edicións, si, pero dende logo a implicación, o esforzo e o traballo das que si acudiron a este desfile ben merece un recoñecemento, ao igual que todos os modelos, colaboradores e organizadores da gala", sinalou a xerente do CCA-Asetem, Pilar López.

A Casa da Cultura encheuse de novo para presenciar as últimas tendencias do comercio melidense de cara á chegada do frío, e tamén para ver e gozar das interpretacións musicais que realizou a presentadora, Eva Iglesias, quen en todo momento deu mostra unha vez máis da súa afabilidade.

Destacou especialmente ademais nesta edición a posta en escena con vehículos clásicos, así como o peche do desfile cun vestido de noiva deseñado e elaborado pola modista local, María Luisa Pereiro.

Pensando xa na vindeira edición de primavera, a xerente do CCA-Asetem, Pilar López, realizou un balance positivo e afirmou que "trala consolidación dun evento que xa nos caracteriza como asociación, agora enfrontámonos ao reto de superarnos aínda máis en futuras galas". Na pasarela Melide Está de Moda deste outono-inverno participaron un total de 14 establecementos e máis dun cento de modelos. Así mesmo, sorteáronse varios agasallos entre os asistentes.

Chegada de Eva Iglesias

Colorín Colorado

Mis Mejores

Labores

Sueños

Pequeniños

Salacadula Shop

Tu Boutik con lentes de Óptica Melide

Sisuka con lentes de Óptica Tábora

Tu Boutik Festa

M. L. Pereiro

Sorteos Zafiro Tours e Restaurante San Roque

SMART TONIC®

LA ESTRELLA DE LAS GAFAS

Todas las edades, cualquier graduación*

TU GAFA SMART TONIC®
CON 2 CLIPS

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAINAFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

*Esta montura de la colección Afflelou Tonic – Smart Tonic podrá ser equipada con cristales graduados. Para una perfecta sujeción de los SmartClips, algunas graduaciones necesitarán la realización de un estudio previo de factibilidad.

Recollen firmas para demandar un mellor mantemento da piscina

Usuarios da piscina climatizada de Melide e do ximnasio están a recoller firmas co obxectivo de presentalas no Concello para "pedir que solucionen as deficiencias de mantemento detectadas".

Polo de agora levan recollidas varias deceas de sinaturas e continuarán na busca de apoios para pedir "ao Concello ou á empresa concesionaria, a quen lle competa, que solucionen os problemas que hai nas instalacións".

Os problemas de mantemento da piscina cuberta de Melide tamén chegaron ao último pleno ordinario da man dos socialistas. Segundo indicou o seu voceiro, José Antonio Prado "a alcaldesa negou os problemas derivados do mal mantemento do ximnasio e da piscina cuberta alegando que son consecuencias do uso habitual, e afirmou que o Goberno cumpre cos cometidos de control necesario".

Prado indicou que "no pleno a alcaldesa foi capaz de superarse na súa estratexia de mentir para ocultar a mala xestión, demostrado unha vez máis o nulo interese que ten en que haxa uns servizos públicos de calidade".

Para os socialistas a situación da piscina "é grave e preocupante: de catro cintas de correr dúas están avariadas, a sauna de mulleres non funciona dende hai meses, máquinas de musculación avariadas e cheas de óxido, duchas que non se reparan, fallos de climatización, goteiras, numerosas taquillas fóra de servizo, enchufes rotos, baldosas do chan rotas", etc, apuntaron.

Prado salientou ademais que "os melidenses pagamos máis de 75.500 euros para que se manteñan as instalacións deportivas correctamente, cousa que non sucede polo deixamento de funcións do Goberno Local, que non está a cumprir co contrato de concesión que é claro e taxativo nas súas cláusulas", insistiu.

Críticas ás contas do goberno local

Dende o PSdeG-PSOE de Melide criticaron a "parálise" do goberno local trala aprobación da liquidación da Conta Xeral do Orzamento 2017 cos únicos votos a favor do Partido Popular. "Máis ingresos, menos inversións e peores servizos públicos é o triste resumo da ecuación que o goberno do PP aplica nesta lexislatura", apuntou o voceiro socialista.

A AAVV Melidá solicita a limpeza do río Furelos

Tras solicitar información en Augas de Galicia, que nun primeiro momento lle foi denegada polo Concello, dende a Asociación Cultural e Veciñal Melidá informaron de que o proxecto de intervención no río Furelos que o Concello de Melide presentou ante este organismo da Xunta "non afecta ao leito do río nin aos seus problemas de contaminación", senón que o que se pretende é "construír unhas gradas para facer un mirador sobre a presa". Neste senso, dende o colectivo solicitaron ao Concello que no lugar dun miradoiro insten a Augas de Galicia a limpar o leito do río.

O Concello de Melide ampliará o parque empresarial preto do actual polígono

Foto: Google Maps

A alcaldesa de Melide, Dalia García, vén de facer público un estudo medioambiental no que se autoriza a implantación de solo industrial na marxe dereita da N-547, a poucos metros do actual parque empresarial da Madanela.

"Levamos máis dun ano traballando sobre as posibles vías de ampliación do parque empresarial man a man coa Xunta de Galicia", destacou García, quen indicou así mesmo a complexidade urbanística e técnica que presenta a consecución de novos terreos con cualificación de solo industrial nunha zona bañada pola Rede Natura 2000 e afectada polo Camiño de Santiago, sometida por tanto ao ditame da Dirección Xeral de Patrimonio.

As propostas presentadas foron catro: "a primeira en continuación lineal co actual parque empresarial, a segunda xusto enfronte do polígono, a terceira a escasos metros do mesmo e a cuarta, e menos probable noutra localización diferente". A terceira, "a escasos metros da localización do actual parque empresarial, sen afección medioambiental de especial protección máis que a normativa básica, supón unha opción moi boa para ampliar os máximos metros posibles de solo industrial ao carón do xa afincado Polígono Industrial da Madanela", explicou a alcaldesa de Melide.

Con todo isto, logo dun informe elaborado por un experto en Rede Natura, o Concello recibiu o ditame favorable para comezar cos trámites urbanísticos necesarios para prover a Melide de máis metros de solo industrial.

Na actualidade, o parque empresarial melidense conta con 89 parcelas, 61 construídas e 28 non ocupadas, pero que si contan con propietarios, "de aí a necesidade de comezar os trámites urbanísticos necesarios", dixo a alcaldesa.

Críticas dende o PSOE

Os socialistas de Melide recibiron este anuncio como "outra das mentiras do PP", dixo o seu voceiro, José Prado. "Non ten saneamento o parque actual e din que se van a poñer coa súa ampliación; desde o 2011 ata hoxe non fixeron nada e o de agora son mentiras e desculpas para alargar o tema e chegar ás próximas eleccións municipais sen solucionar nada", engadiu.

Reforzo da seguridade viaria na AC-840

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, xunto coa alcaldesa de Melide, Dalia García, supervisaron as obras de mellora e reposición de servizos na AC-840, que se prevé estean rematadas a finais deste ano tras un investimento de máis de 250.000 euros, e que permitirán minimizar episodios de inundacións. Na súa visita a conselleira engadiu que a este reforzo da seguridade viaria tamén contribuirá a mellora do firme prevista para vindeiras semanas nesta estrada, e que cun investimento de 60.000 euros beneficiará aos municipios de Melide e Boimorto.

Segunda fase na AC-840

Por outra banda e tras reunirse con técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia para facer balance da obras realizadas na AC-840, Dalia García anunciou unha segunda fase para este proxecto que xa está en redacción e que reforzará a seguridade en dita estrada. "Continuaranse eliminando barreiras arquitectónicas e mellorando a seguridade viaria; actuaremos nos puntos que quedaron sen operar na marxe dereita da AC-840 en dirección Agolada e tamén nalgúns puntos no cruce da intersección da Avenida de Toques coa Avenida da Coruña, na AC-840", indicou.

O Concello de Melide sae ao paso das "dúbidas" xurdidas en relación ás obras do Cantón

A través dun comunicado, o Concello de Melide saíu ao paso das dúbidas e críticas vertidas nos últimos días con respecto ás obras de rehumanización que se están levando a cabo no Cantón de San Roque.

O escrito do Concello aclara que se trata dun proxecto executado por parte da Consellería de Medioambiente para a posta en valor dos espazos públicos da vila "que conta con todos e cada un dos permisos sectoriais, entre eles, o da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a reorganización de espazos e de vexetación", e especifica que dende Patrimonio Cultural indicouse a necesidade de "primar as especies autóctonas fronte as alóctonas, é dicir, as do país".

A través do comunicado explicaron tamén que durante a redacción do proxecto, recolleuse nun informe asinado por un técnico "competente" que algunhas das especies atopábanse "enfermas e infestadas por fungos e caruncho, para o cal se propoñía a súa eliminación. Este informe tamén recollía o escaso valor ambiental e patrimonial de certas especies".

Ante esta situación e de acordo co proxecto (que incorpora máis áreas de sombra e metros lineais de banco), dende o Concello optouse pola plantación de especies autóctonas para o que, previamente, se fixo necesario "reorganizar as zonas verdes eliminando as especies enfermas e as que non aportaban un valor acorde co Cantón de San Roque", especifican no comunicado.

Dende o Concello quixeron deixar claro que unha vez rematada a obra "haberá máis exemplares plantados dos que había inicialmente no Cantón", e lembraron que ata en "dúas ocasións" o Concello presentou este proxecto, "polo que é algo que xa é de público coñecemento".

Cómpre destacar que ao remate das obras tamén se conservará a área destinada a xogos infantís, mantendo a "morfoloxía típica da praza: parque, espazo de xardín e praza propiamente dita", conclúe o comunicado.

Preto de 100.000 euros para o arranxo de varias pistas

O Concello de Melide adxudicou obras de mellora na pavimentación de diferentes pistas do rural e diversos accesos a núcleos que se atopaban na actualidade moi deteriorados polo paso do tempo. Entre as pistas beneficiarias destas actuacións atópase a pista que une a AC-840 coa parroquia de Maceda que será mellorada con aglomerado en quente. Tamén serán obxecto destas melloras a pista desde o cruce de Salgueiros á pista de Orois, a pista de Tabeira ao enlace DP4601, a pista desde Folladela a DP4601, a pista de acceso a Montoutiño, pista de Segade ao límite co concello, o núcleo de San Cibrao e outras. En total son cinco parroquias as que se beneficiarán destas actuacións como son Cibrao, San Salvador, Folladela, A Garea-Gondollín e Maceda. As obras comezarán neste mes de outubro e teñen un orzamento próximo aos 100.000 euros.

Falece tralo estoupido dunha ola a presión no seu domicilio en Guillar

Unha veciña de Melide faleceu o pasado mes no lugar de Guillar tralo estoupido dunha ola a presión no seu domicilio. As informacións facilitadas polo 112 Galicia confirmaron que foi un familiar da vítima quen, pasados uns dez minutos das 12:00 horas do mediodía alertou aos servizos de emerxencia. Segundo o relato, indicou que recibira a chamada do seu cuñado informándolle do estoupido dunha bombona na vivenda e que era precisa asistencia sanitaria de maneira urxente. Tamén, o marido da vítima, comunicou ao 112 Galicia que a súa esposa estaba sola no interior da vivenda cando ocorreron os feitos. Ata o lugar do suceso trasladáronse membros do 061-Urxencias Sanitarias, os Bombeiros de Arzúa e tamén varios axentes da Garda Civil, Policía Local e dos efectivos de Protección Civil. Debido á gravidade da situación, persoal sanitario comunicou ao 112 que o helicóptero medicalizado con base en Santiago de Compostela tamén se desprazaba ata o lugar, aínda que, finalmente, os profesionais sanitarios só puideron confirmar o pasamento da muller. Xa no lugar do suceso, os bombeiros confirmaron que se tratou dunha ola a presión que estaba ao lume, e que ao estoupar, golpeou á muller causándolle o pasamento. Ademais, o inmoble sufriu pequenos danos no falso teito.

A Xunta acepta a cesión dos terreos para a construción do centro de saúde

O Consello da Xunta de Galicia aceptou a cesión dos case 5.000 metros cadrados de terreo que o Concello de Melide cedeu por unanimidade dos tres grupos políticos o pasado 14 de agosto. Trátase do "trámite urbanístico final en canto a cesión das fincas" para a futura construción do centro de saúde de Melide, informou a alcaldesa da vila, Dalia García. A rexedora apuntou agora "a total disposición da Xunta de Galicia a iniciar con carácter urxente os trámites para a edificación do novo centro de saúde", trala aceptación do expediente de cesión.

Bonificación dos terreos

Con anterioridade, o Concello de Melide aprobou por unanimidade nun pleno extraordinario o inicio dos trámites necesarios para proceder á bonificación do 95% do imposto sobre construcións de bens inmobles para a construción do novo centro de saúde.

Con este trámite o Servizo Galego de Saúde (Sergas) cumprirá co convenio asinado coa alcaldesa de Melide, Dalia García, no ano 2016. En dito convenio o Concello de Melide comprometíase a bonificar estes terreos por entender que "se trata dunha construción de utilidade pública e interese xeral para todos os veciños", explicou a rexedora.

Así, "dos 39.687 euros que debería sufragar o Sergas neste concepto, ao aprobar a exención o Sergas terá que realizar tan só unha achega á facenda municipal de 2.088 euros en concepto de Icio e de 3.481 de taxa urbanística para a tramitación do expediente".

Novo parque en Taboada Roca

O Concello de Melide rematou as obras na urbanización Taboada Roca para a creación dun novo parque. Este espazo de ocio e deporte conta agora con dúas pistas de pádel (anteriormente situadas no parque Rosaía de Castro), parque infantil, unha pista de tenis e multideportiva. "Trátase da renovación e aproveitamento dun espazo que se atopaba en condicións pouco aceptables tanto para a práctica do deporte como para o ocio infantil" indicaron dende o Concello. O investimento nos traballos foi de 117.000 euros.

Solicitan a gratuidade das pistas de pádel

Pola súa parte, dende a Asociación Cultural e Veciñal Melidá presentaron un escrito no Concello "solicitando que inclúa o pádel nas escolas deportivas, para dar uso ás pistas que trasladaron ao barrio de Taboada Roca, e pedindo que sexan gratuítas para as nenas e nenos que viron como do seu lugar de lecer, de uso libre e gratuíto, acotaron o 60% do espazo para un uso de pago e sometido a autorización previa", informaron. E é que segundo comunicou o Concello, "dúas pistas de pádel exteriores serán xestionadas de igual maneira que as interiores do Palacio de Congresos".

Presentación dos candidatos do PP á alcaldía nos concellos da comarca

O presidente provincial puxo como exemplo de boa xestión o traballo realizado no concello de Melide

Arriba: acto de presentación dos candidatos do Partido Popular á alcaldía dos concellos da zona norte de Santiago. Abaixo: os candidatos Dalia García Couso (Melide), Matilde Pallares (Santiso), e José Antonio Castro Fraga (Toques)

A comezos do mes de outubro tivo lugar en Arzúa a presentación dos candidatos populares ás alcaldías dos concellos de Melide, Santiso e Toques para as eleccións municipais do ano 2019.

Foi o presidente do Partido Popular na provincia da Coruña, Diego Calvo, acompañado do vicesecretario xeral de Organización e Territorio e director de campaña para as municipais, Evaristo Ben, e da conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, quen deu a coñecer os nomes dos cabezas de lista: Dalia García Couso por Melide, Matilde Pallares por Santiso e José Antonio Castro Fraga por Toques.

O presidente provincial do PP reivindicou a figura e a maneira de facer política dos alcaldes do Partido Popular "fronte aos das pancartas, os berros e os que sempre teñen o non na boca", e referiuse a Melide como un dos "concellos nos que os seus rexedores aplican a mellor de todas as receitas, a de 'falar facendo', traballar de xeito conxunto cos veciños para xerar máis oportunidades e solucionar os problemas, deixando de lado a confrontación, os discursos baleiros e as campañas que prometen moito pero non conseguen nada".

Convencido de que dentro de oito meses a comarca de Santiago volverá deixar claro que "é do PP e gústalle como xestiona o PP", Calvo foi máis aló e augurou que "en lugar das oito alcaldías que temos hoxe, imos conseguir as doce", en referencia, entre outros, aos municipios de Santiso e Toques, onde os populares non gobernan na actualidade. Para iso, o líder dos populares incidiu na importancia de "pisar a rúa" para convencer aos veciños de que os populares son a "única opción seria para xestionar os municipios", e asegurou que "non é porque sexan os nosos, que tamén, pero non hai mellores candidatos que os que presentamos hoxe aquí".

Á hora de referirse a cada un deles, Diego Calvo destacou da rexedora melidense, Dalia García, que "soubeches aprender dunha das mellores alcaldesas que tivo este concello e non nos defraudaches á hora de tomar as rendas do municipio".

Pola súa banda, o líder dos populares na provincia dirixiuse a Matilde Pallares como "unha gran representante" do Partido Popular de Santiso e pediulle a José Antonio Castro Fraga que acabe coa "desastrosa xestión" do bipartito en Toques.

Comeza o curso en Arcediago cun profesor a media xornada

Finalmente os alumnos do CEIP Arcediago, en Santiso, comezaron as clases o pasado 26 de setembro; dúas semanas despois do inicio oficial do curso. As protestas para reclamar que se mantivese o cadro de persoal non obtiveron resposta por parte de Educación, que optaron por asignar ao colexio un profesor a media xornada; é dicir, 13 horas semanais coa consecuente agrupación do alumnado de Primaria de dous en dous cursos, agás nalgunhas materias.

A presidenta da Anpa do colexio público de Arcediago, Yolanda Souto, asegurou que "esta non é a solución que nós demandamos, e aínda que dende Educación seguen mantendo a proposta de que estudarán o tema de cara ao futuro curso para concedernos ese profesor coa especialidade de Pedagoxía Terapéutica tamén, compromiso en firme non obtivemos ningún", indicou, e engadiu que "nós non queremos solucións a largo prazo, queremos que este profesor que está contratado a media xornada, que o contraten a xornada completa".

Souto tamén explicou que ata o momento non recibiron resposta algunha do xefe territorial de Educación, Indalecio Cabana, pese ás solicitudes realizadas e aos tres intentos de comunicación con el. Ante esta situación, dende a Anpa continuarán coas mobilizacións e as protestas "aínda que de xeito máis dosificado". "Pensamos incluso en facer protestas puntuais e máis chamativas para que o tema non caia no esquecemento, queremos o que xa tiñamos e seguiremos loitando por iso", sinalou a presidenta da Anpa.

Durante as dúas semanas nas que se prolongaron as mobilizacións, pais, nais, alumnos do centro, veciños, e distintos colectivos e asociacións do municipio de Santiso trasladáronse ata a Coruña para protestar ante a Xefatura Territorial de Educación, onde foron recibidos pola Inspección aínda que sen obter os resultados desexados. As reivindicacións da Anpa do colexio de Arcediago contaron tamén co apoio do Concello de Santiso.

Prohibidas as queimas agrícolas e forestais ata novo aviso

As queimas de restos agrícolas e forestais amoreados seguen prohibidas en Galicia ata novo aviso, tendo en conta as condicións meteorolóxicas actuais e as previsións para os vindeiros días. A decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación do tempo e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume en tempada de alto risco. A Consellería do Medio Rural pediu a colaboración da cidadanía para que extreme as precaucións e denuncie calquera actividade delituosa incendiaria da que teña coñecemento.

A Deputación inviste 11 millóns de euros en obras na comarca de Santiago

Entre os concellos beneficiados: Melide, Santiso e Toques

O Plan Único (POS+2018) da Deputación da Coruña destina este ano un total de 10,93 millóns de euros para realizar 104 obras de mellora en camiños municipais e nas redes de saneamento e abastecemento de auga nos concellos da comarca de Compostela, entre os que se atopan os municipios de Melide, Santiso e Toques.

Este tipo de investimentos foron os máis solicitados polos concellos desta zona, dentro do novo plan provincial. Dos 27,5 millóns de euros que destina o Plan Único á comarca en 2018, as obras de pavimentación, acondicionamento de camiños e saneamento supoñen unha porcentaxe de preto do 40%.

En canto a número de obras, a porcentaxe é aínda máis elevada, xa que das 125 obras que se executan na comarca con cargo ao POS+2018, 104 (o 83%) pertencen a estas categorías.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, destacou que se trata dun "número importante de obras que, aínda que non sexan de gran magnitude, contribuirán a mellorar de xeito significativo a vida diaria dos veciños".

Servizos básicos no rural

Aumentar as redes de abastecemento de augas, dotar de saneamento a núcleos rurais que carecen del, crear beirarrúas en estradas transitadas por peóns ou pavimentar camiños en mal estado serán algunhas destas obras destinadas a "mellorar os servizos básicos nos concellos rurais da provincia", segundo explicou o presidente provincial.

O 100% do POS+, a servizos básicos

No caso concreto de Melide, Santiso e Toques, estes concellos decidiron destinar a totalidade dos investimentos do Plan Único á mellora das súas infraestruturas viarias e redes de abastecemento e saneamento.

OBRAS INCLUIDAS NO POS+2018 NA COMARCA

MELIDE:	Reforma e posta en valor da rúa Camiño Real (Melide)		366.592,92
		TOTAL	**366.592,92**
SANTISO:	Camiño Casares-Cruce Lamas		77.133,30
	Camiño na Graña e outros		100.679,25
	Canalización pluviais en Novela		30.000
		TOTAL	**207.812,55**
TOQUES:	Camiño da Baloira (Brañas) e outro		89.180,35
	Accesos na Bragaña e outro		93.236,17
		TOTAL	**182.416,52**

Medio Rural comprometeuse a rematar este ano, administrativamente, as parcelarias en Santiso

Sendo aínda conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez comprometeuse co alcalde de Santiso a que os dous procesos de reestruturación parcelaria abertos a día de hoxe neste municipio estarán rematados administrativamente antes de que remate o ano; concretamente referiuse ás parcelarias de Niñodaguia e Novela.

En ambos os dous procesos os veciños puideron tomar posesión das novas parcelas pero está pendente de rematar a comprobación de superficies gráficas e alfanuméricas para así cumprir coa modificación da lei hipotecaria, co fin de proceder á firmeza do acordo e darse así por rematada administrativamente a reestruturación.

Máis de 1.300 hectáreas reorganizadas

A reestruturación parcelaria de Niñodaguia-Serantes afecta unha superficie de 479 hectáreas, propiedade de 364 veciños. Trátase dunha zona dedicada, principalmente, a labradío, pero tamén ten unha parte forestal. Neste proceso lévanse investidos 792.873 euros.

No tocante á zona de Novela-Liñares-Pezobrés, esta comprende unha reorganización de 845 hectáreas de 370 propietarios. A inversión realizada nesta zona ascende a máis de 1.348.000 euros, a maior parte dedicada á rede de camiños principais.

Prevención de incendios

Durante a reunión en San Caetano, o alcalde de Santiso aproveitou o encontro para solicitar á consellería do Medio Rural un tractor para levar cabo as limpezas e rozas municipais; unha petición que dende a consellería "estudarán".

Recoñecemento do Concello para a U.D. Santiso

O equipo de goberno do Concello de Santiso fixo entrega duns diplomas aos membros da directiva da U.D. Santiso. Na entrega estiveron representadas todas as categorías: alevíns, sénior, veteranos e equipo feminino. O obxectivo foi "recoñecer a traxectoria deste grupo de veciños e a súa filosofía, que sacrificando o seu tempo libre dedican a manter o referente do deporte en Santiso".

O goberno de Santiso aproba unha rebaixa do 95% no IBI

O Concello de Santiso aprobou unha ordenanza na que se fixaron as bases para solicitar a bonificación do 95% para bens de uso agrícola, gandeiro ou forestal. En relación a isto, a voceira do Partido Popular en Santiso, Matilde Pallares, "celebrou" que o goberno local aprobase no pleno a rebaixa do 95% no Imposto Sobre Bens e Inmobles (IBI), demandada pola súa formación, e da que "sairán beneficiadas a gran maioría das construcións que existen no municipio". "Non foi fácil, pero parece que, ao final, o goberno local deuse conta de que non podía negarse a unha petición que xa se estaba aplicando noutros municipios", dixo Pallares, quen recordou que os veciños interesados deberan solicitar o desconto antes do final do ano. Cabe destacar que, meses atrás, dende o Concello habilitaron un servizo gratuíto de asesoramento para os veciños en relación ao "catastrazo"; un servizo que "desbordou todas as previsións pasando dunha semana a case un mes o tempo no que un técnico tivo que permanecer na Casa do Concello atendendo as peticións da cidadanía".

Santiso estrea a ruta máis larga da comarca

A Asociación Veciñal de Visantoña O Noso Lar acaba de rematar con éxito "a ruta máis larga da comarca" cunha distancia de 38km ao longo do río Ulla. Este percorrido, de nome Roteiro de Beseña e con número de homologación PR-G226 "fará que gocemos de paisaxes do rural galego únicos na zona, co encoro de Portodemouros como principal atractivo", indicaron dende o Concello. Foron meses de duro traballo nos que os membros desta asociación, en colaboración co Concello de Santiso e o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo, sacaron adiante a segunda ruta homologada do municipio.

A Deputación licita as obras para eliminar as perigosas curvas do Toxo

O organismo provincial destina ademais preto de 77.500 euros á reparación de seis camiños en Toques

A Deputación da Coruña publicou a licitación das obras de mellora do trazado da estrada provincial DP 4604, entre os termos municipais de Toques e Melide; obras coas que se pretende eliminar as perigosas curvas de O Toxo.

Os traballos contan cun orzamento de 460.814 euros, aos que hai que sumar os 39.000 euros xa investidos polo organismo provincial na expropiación dos terreos necesarios para a execución deste proxecto.

A intervención neste treito suporá a eliminación definitiva dun punto negro de tráfico no que se rexistra unha elevada sinistralidade, coa corrección e mellora de trazado dun percorrido de 600 metros que discorre entre os puntos quilométricos 4+060 e 4+650, coñecido como as curvas de Toxo, entre os núcleos de A Cabana (Toques), e o de Pereira (Melide). Neste treito o vial, que conta actualmente cun ancho de 7 metros, pasará a ter unha plataforma de circulación de 9 metros, con dous carrís de 3,5 m. e beiravías de metro e medio en ambas marxes da estrada.

Dende o Concello de Toques amosaron a súa satisfacción por ver cumprida esta demanda. O rexedor toquense, Miguel Buján explicou así que "vese cumprido un soño coa licitación das obras que rematarán coa perigosidade destas curvas, cun investimento de máis de 460.000 euros; unha das inversión máis importantes que se van a producir no municipio durante esta lexislatura", dixo. Buján considerou ademais que "coa mellora do trazado destas curvas conseguiremos reducir o perigo de accidentes, xa que se trata dunha estrada provincial con moito tránsito".

77.000 euros para a reparación de camiños

Por outra banda, tamén a Deputación da Coruña vai destinar un total de 77.419 euros ao financiamento da reparación de seis camiños no municipio. Unha achega que se corresponde co 80% do orzamento total da obra, que ascende a 116.250 euros.

O deputado de Contratación e Patrimonio, Xesús Soto, e o alcalde de Toques, Miguel Angel Buján, asinaron o convenio de colaboración para a reparación dos seis camiños, situados concretamente: dous na parroquia de Santa Eufemia, dous en Brañas, un na Capela e outro en Vilamor.

No proxecto inclúese a reparación do camiño de Franqueán e Quintá na parroquia de Santa Eufemia, os da Chente e Porto Salgueiro en Brañas, o do cruce-Vilares-Grañas, os Curros, Capela, e o acceso a Irago de Abaixo en Vilamor. En total son máis de dous quilómetros lineais de camiños.

San Cidre e San Antolín, festivos locais 2019

No último pleno ordinario celebrado no Concello de Toques acordouse por unanimidade dos grupos políticos os días festivos para o vindeiro ano. Neste senso, serán o 15 de maio, día de San Cidre e o 2 de setembro, día de San Antolín. Así mesmo, o pleno aprobou a creación dunha comisión negociadora para tramitar un deslinde de terreo co Concello de Sobrado dos Monxes.

Por outra banda, na sesión plenaria votouse tamén unha moción en contra da mina de Touro que saíu adiante con cinco votos a favor dos partidos do PSOE e BNG e tres votos en contra do Partido Popular.

Formoso, presidente da Deputación, nunha das súas visitas a Toques e pleno do Concello

Poxa de fincas

Cabe destacar que o Concello de Toques procederá, mediante poxa pública, á venda de varias parcelas de titularidade municipal, pertencentes á concentración parcelaria de Santa Eufemia. Todos os interesados en poxar poderán obter máis información no propio Concello.

A Asociación de Troiteiros Río Furelos recupera o Camiño da Pena ao río

Vista do camiño no visor oficial SIXPAC

e vista actual do mesmo

A Asociación de Troiteiros Río Furelos acaba de recuperar "un espazo público do que indebidamente se apropiaran os colindantes ao mesmo, debido ao seu abandono e á perda das súas delimitacións por falta de mantemento por parte do Concello". Trátase do Camiño da Pena ao río, cunha lonxitude de 395 metros e que "desde sempre foi un paso público que levaba dende a pista máis próxima no lugar de Vilariño ao río, ao pé do cal formaba un baldío triangular de 55m (en total 2.664 m) tamén de titularidade pública", informou o colectivo.

Os intentos de recuperación deste paso remóntanse anos atrás, concretamente a decembro de 2015, cando xa o colectivo de troiteiros reclamou ao concello de Toques "as actuacións necesarias" para a recuperación deste espazo.

Foi en Pleno Extraordinario e Urxente celebrado o día 11 de agosto de 2017 cando por fin se aprobaron "todas as actuacións precisas para recuperar o citado camiño e chegou o acordo cos propietarios colindantes". Deste xeito, o camiño será reposto agora cunha superficie equivalente á que tiña. "Ficará un camiño de tres metros e medio de ancho cunhas cunetas de medio metro a ámbalas dúas beiras. Os propietarios cerrarán por cadanseu lado e o Concello acondicionará o camiño neste outono", explicou o presidente da asociación, Xabier Pazo, quen amosou a dobre satisfacción da directiva por recuperar un espazo público "que de maneira fraudulenta se perdera", mellorando os accesos ao río, así como polo feito de "poder aproveitar o baldío no que remata o camiño ao pé do río para facer un refuxio de pescadores".

En relación a isto último, Pazo indicou que xa contan cos permisos pertinentes de Augas de Galicia e Servizo de Conservación da Natureza.

Medio Rural inviste 60.000 euros no arranxo da pista que une Sobrado e Melide

A Consellería do Medio Rural destinará preto de 60.000 euros ao arranxo da pista que une Sobrado e Melide, a través dunha actuación enmarcada no Plan de Infraestruturas Rurais (PIR). A obra consistirá na pavimentación da pista de Grandemea ao límite municipal con Melide e contará cun orzamento global de 59.960 euros, a executar nos anos 2018 e 2019, a razón de 29.980 euros por exercicio.

En total, para o conxunto de Galicia, a Xunta destinará un total de 2,7 millóns de euros para financiar a convocatoria do PIR en 65 concellos de toda a comunidade.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAS TÁBORA

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Floristería MARU

1 y 2 de noviembre
DÍA DE DIFUNTOS
Un recuerdo, una flor...

Floristería Maru
María Cabado

- Amplia variedad en flores y plantas
- Eventos nupciales, comuniones, etc.
- Coronas y centros florales

Rúa do Convento, nº 9 Melide *Tlf: 981 507 580 / 607 507 579* *www.floristeriamaru.es / floristeria.maru@gmail.com*

Casa Santos
☎ 981 505 396
Avda. de Lugo, 8
15800 Melide (A Coruña)

Distribuciones Ribeirao

Coca-Cola
Distribuidor Oficial

Sala de Catas

VIÑOTECA Ribeirao Vino con Arte

Antigua Ferretería Ribeirao

Más de 1000 Referencias

RECAMBIOS SANDO
JUAN JOSÉ SEGADE VILAR

Avda. de Lugo, 4 bajo B
15800 Melide (A Coruña)
sandomelide@hotmail.com

Tfnos.:
981 50 54 19
659 36 78 60

TOTAL
Gulf
TRW Automotive
LUK
Continental

De onte, de hoxe e de sempre

Todo para o teu coche

• *Produtor de toda clase de flores*

• *Tamén preparamos: ramos de noiva, ramos, palmas, centros, coroas, etc..*

• *Estamos ao seu servizo en:*
R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50

Melide

Floristería Tarrío

Flor 10

Teleflora

1 e 2 de novembro DÍA DE DIFUNTOS

Esther & Cris Conde

FLORISTAS

Taboada Roca, 4 - Baixo. 15809 MELIDE * 881 819 101 - Esther: 699 100 294 - Cris: 696 372 032 * strelitziafloristas@hotmail.com

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Entrevistamos a: Dani Polo, mago melidense e finalista no programa 'Pura magia' de TVE

"Non sempre o truco é o máis importante, senón como transmitas e vincules co público"

Vén de participar nun congreso en Francia ao que asistiron máis de 1.000 magos de diferentes países e, anteriormente, en diferentes eventos por toda España, como por exemplo o festival de maxia de Lugo, Lugo Máxico, un dos mellores de toda Europa, ou en Vitoria. Pero é que ademais, recentemente chegou á final do concurso emitido en Televisión Española 'Pura Magia'. Non obstante, a súa andaina vén de moito tempo atrás pese a súa xuventude. Metido de cheo en novos proxectos, o mago melidense Dani Polo saca tempo para estudar, ensaiar, traballar no que máis lle gusta –a maxia–, e mesmo para conversar un anaquiño co Cerne e así poder coñecelo un pouco máis. Desprende ilusión, pero sobre todo, paixón polo que fai.

Foto: DP

- A estas alturas seguro que son moitas as persoas que se preguntan como acabou vostede no mundo da maxia.

- Dani Polo (D.P.): Empecei con oito aniños na maxia, pero antes, aos 6 ou 7 anos regaláronme por Reis un xogo que seguro todos coñecen, o típico de *Magia Borrás*, e a verdade é que me encantou todo iso dos trucos. Tanto foi así que meus pais fóronme comprando algunha que outra caixa de maxia máis adiante e, ao final, miña nai informouse un pouquiño e descubriu que en Lugo ían abrir unha escola de maxia. Foi entón cando con 8 anos comecei a ir a esa escola cunha persoa que daba clases e que actualmente tamén é mago, o Mago Rafa. Alí estiven tres anos aprendendo moitas cousas; e digo sobre todo aprendendo porque hoxe en día aprender maxia pode ser fácil vendo vídeos por Internet, pero creo que hai que aprender moitas outras cousas que non son os trucos, como por exemplo como estar nun escenario, como transmitir, ese tipo de cousas que non se ensinan en vídeos e que eu estou moi orgulloso de haber podido aprender indo a esta escola. Logo deses tres anos nos que aprendín un motón e que me serviron para ter uns coñecementos básicos xa fun máis autodidacta. Asistín a diferentes congresos de maxia onde había conferencias e actuacións, tamén comparto charlas con outros magos, leo libros e mil cousas máis. Así ata hoxe en día.

- Entendo que dentro da maxia tamén hai especialidades. Cal é a súa?

- D.P.: Hai como dúas grandes que son, por un lado a maxia de cerca, e por outro a maxia de escenario, e dentro de cada unha destas hai outras como por exemplo o mentalismo ou a hipnose, a maxia das grandes ilusións, ou tamén a maxia máis clásica, e moito máis; pero no meu caso case me decanto máis por esta maxia de escenario que se realiza sobre todo en teatros e auditorios. É o que máis me gusta e o que máis practico porque me parece moi complexo, tes que fixarte na música, na iluminación, en todo; diríamos que é máis completa.

- Que é o mellor da maxia para vostede?

- D.P.: Por un lado o que se lle transmite ao público, e despois por outro lado ver a cara de sorpresa dos espectadores, non só dos nenos, dos adultos tamén. Iso para min é o mellor que hai, e logo tamén a nivel persoal, o poder traballar na maxia e nun futuro poder vivir dela, porque realmente encántame o meu traballo.

- Como definiría a maxia en tres palabras?

- D.P.: Ilusión, Asombro e... a última sería algo así como Divertido, porque quero que englobe o feito de que a xente o pase ben.

- Está estudando na actualidade. É difícil compaxinar estudos e maxia?

- D.P.: Si o compaxino, ou polo menos inténtoo, pero non é fácil. Hoxe por exemplo tiven clase pola mañá en Santiago e pola tarde xa tiven que ensaiar en Melide, logo como vou a este evento de Francia xa teño que faltar varios días a clase e... bueno, é moito ir e vir; non é doado pero vaise levando. Creo que tamén é importante estudar porque, aínda que quero dedicarme á maxia, sempre hai que ter aí un apoio por se acaso.

- Vai participar nun dos congresos de maxia máis importantes como é o de Francia, pero tamén foi vostede finalista do concurso 'Pura magia' de TVE, como foi a experiencia?

- D.P.: A verdade é que foi unha gran experiencia para min, alí aprendín un montón de cousas non só de maxia, senón a nivel televisivo, por exemplo como funciona ese mundo, cando case non tes tempo para ensaiar, cando non che deixan repetir e sabes que se sae mal non podes solucionalo, a controlar a presión de que non só te están vendo 20 persoas. Vamos, que a experiencia en si moi ben, porque ademais vivino todo grazas a chegar ata a final. Foi un mes e medio en Barcelona gravando e serviume tamén para coñecer a moita xente, acabámonos facendo todos moi amigos. E logo, cando se empeza a emitir o programa e ves que empezas a recibir apoio de multitude de persoas que mesmo non te coñecen, pois é algo incrible. E aquí en Melide, o apoio da xente foi brutal. A verdade é que foi unha experiencia bestial, repetiría seguro.

- Pódese chegar a vivir da maxia, incluso en Galicia?

- D.P.: É complicado, pero é posible. Creo que as claves do éxito nesta profesión radican en estar renovándose continuamente, e creo que sobre todo se queres triunfar e poder vivir ben disto tes que tocar moitos paus, e ter a mesma ilusión fagas o que fagas e meterte en moitos proxectos que, ao fin e ao cabo, o que che van a dar é experiencia e o poder vivir disto nalgún momento. Ademais, esta é unha profesión na que te tes que manter vivo e na que o teu nome ten que estar soando en todo momento.

- Quen son os seus referentes neste mundo?

- D.P.: Encántame David Copperfield, porque é un dos magos máis completos que hai, a xente sae dos seus espectáculos alucinada e emocionada; tamén me gusta un mago arxentino que xa faleceu, René Lavand, e que mesturaba a maxia e a poesía e, ademais, de pequeno tivo un accidente e perdeu unha man, pero aínda así toda a súa vida practicou a maxia coa outra única man, a esquerda, así que non deixa de ter un compoñente de superación que admiro; e por outro lado aquí en España teño outros dous referentes, o mago Lari, que me parece moi completo, e tamén Jorge Blass pola súa maneira de chegar ao público, por ser moi familiar nas súas actuacións, porque non sempre o truco é o máis importante, senón como transmitas e como vincules co público.

- A modo de curiosidade, é certo que os magos nunca revelan os seus trucos?

- D.P.: Hai cousas que si que é certo que tentamos gardar para nós, sobre todo se é algo moi persoal ou que nós mesmos creamos, pero tampouco temos problema en compartir as nosas ideas, por exemplo en congresos, conferencias, etc, que ademais tamén é a mellor maneira de aprender.

- Pode adiantarnos algún proxecto?

- D.P.: O máis recente é o congreso de Francia ao que asistirei o xoves 27 de setembro, alí actuarei nun cabaré, algo incrible para min e súper especial, e logo estamos preparando un espectáculo de gran formato para grandes teatros, e tamén estamos preparando moi a fondo o festival de maxia que todos os anos organizamos en Melide, que vai xa pola sexta edición e que sempre ten unha acollida espectacular. Non podo adiantar nomes pero si que será o 7, 8 e 9 de decembro.

OS GAITEIROS DO BALADO CELEBRARON A SÚA TRADICIONAL FOLIADA EN TOQUES

O pasado 29 de setembro os Gaiteiros do Balado celebraron unha gran foliada no concello de Toques. O bo tempo e a compañía de amigos e familiares xunto con grandes músicos, contribuíron a que unha vez máis o evento fose todo un éxito. Deceas de persoas déronse cita para gozar dunha xornada moi animada na que por suposto non faltou nin a música nin o baile na terroeira. Nenos e maiores puideron gozar de xogos populares, grandes sorteos e moitas máis actividades. Unha vez máis contaron coa visita e a música de "Airiños Galegos Doce Albor" (Casa Galega de Santurce), mentres que o broche de ouro púxoo Trioprata, co gran Germán V. Sonríes. Chegando a madrugada e con ela o fresquío das noites de outono os Gaiteiros do Balado deron a despedida a súa foliada e fixeron plans para o ano que vén, co obxectivo de repetir unha vez máis o éxito deste evento que, ano a ano, non deixa de medrar tanto en calidade como en cantidade.

LAVADO DE CARA AO RÍO FURELOS GRAZAS A VARIAS XORNADAS DE LIMPEZA

De "sorpresa agradable", así cualificou a Asociación de Troiteiros Río Furelos o resultado das últimas Xornadas de Limpeza deste río. "Pouco lixo; uns 90 quilos de plásticos, botellas, latas, cordeis, algún zapato e algo de roupa, á parte da retirada dunha pancarta cunha 'declaración de amor' en pleno Camiño de Santiago que o tempo deixou en desuso", explicaron. Por outra banda, dende o colectivo comprobaron unha vez máis que "pola escuma que leva o río, segue habendo verteduras de xurro en determinadas zonas; unha mala práctica que agardamos que remate dunha vez". Máis lixo retiraron o 30 de setembro, día da XI Limpeza Simultánea de ríos dentro do Proxecto Ríos, no que tamén participou o colectivo en Melide con sete voluntarios que limparon en total un treito de 2,5 km. Nesta ocasión retiraron "uns 140 kg de lixo" entre os que había frascos de colirio, un letreiro dun bar, un bidón grande, redes de furtivos, cordeis e mesmo cables eléctricos.

UNHA VIAXE Á CORUÑA O DÍA 20 ENTRE AS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN ALECRÍN

A Asociación de Mulleres Rurais Alecrín ten en marcha unha serie de actividades para este novo curso. Entre elas atópanse un club de lectura, un taller de bordado, un de patchwork e outro de calceta e ganchillo; así como diferentes clases de baile para todas as idades. Por outra banda, tamén ofrecen clases de ioga e un taller de inglés básico para adultos. Ademais, para os amantes da natureza en Alecrín contan cunha escola de sendeirismo onde os participantes realizan unha ruta diferente cada mes. Cómpre destacar así mesmo que o vindeiro 20 de outubro organizan unha viaxe á Coruña dentro dos actos conmemorativos do Día da Muller. A saída de Melide será ás 9 da mañá e durante a xornada haberá comida e tarde de tempo libre. Tanto o desprazamento como o xantar serán gratuítos. Finalmente, a asociación Alecrín prepara un taller de manualidades de cara ao Nadal que se desenvolverá dende o 16 de outubro ata o 18 de decembro. Para anotarse en calquera das actividades ou recibir máis información os interesados poden chamar ao 699 120 465.

VOLTA AO COLE PARA OS ALUMNOS DO CENTRO OCUPACIONAL E DO CENTRO SOCIAL

Os usuarios do Centro Ocupacional de Melide comezaron un novo curso que se desenvolverá ata o próximo mes de xullo, con descanso durante as vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa. Un total de doce alumnos e alumnas recuperan así a normalidade despois das vacacións de verán. Este servizo ten as súas instalacións no Edificio Multiusos de Melide, onde contan cunha aula adaptada para as súas necesidades e diferentes espazos ao aire libre para realizar actividades físicas. Ao longo do curso os usuarios do Centro Ocupacional realizan numerosas tarefas para estimular a súa creatividade e convivencia entre as que se atopan música, cociña ou informática, así como diversas saídas. Por outra parte, preto dunha vintena de persoas comezaron xa o taller de memoria dentro das actividades que ofrece o centro social para este curso 2018/2019; unha actividade que se desenvolve os luns durante unha hora e de xeito totalmente gratuíto. A psicóloga do Centro de Información á Muller e a Educadora Familiar son as encargadas de dirixir este taller que, cada vez, conta con máis participantes.

Outubro: mes do teatro

Melide acolle o VII Ciclo de Teatro Afeccionado, organizado por Charamela, con obras para todos os gustos

A Asociación Cultural Charamela organiza un ano máis o seu xa tradicional Ciclo de Teatro Afeccionado "O Teatro no Camiño", que este ano acada a sétima edición. As representacións deron comezo o pasado 6 de outubro na Casa da Cultura de Melide coa posta en escena da obra Bicos de vinagre a cargo da compañía O Batán, de Cangas de Foz, na xornada do sábado; mentres que o domingo foi a quenda para o grupo Corifeo Teatro, de A Coruña, coa obra Boas noites.

"Á primeira representación adoita ir un pouquiño menos de público porque aínda moita xente non se decatou de que está en marcha o ciclo de teatro, pero a medida que avanzan as xornadas a Casa da Cultura acolle cada vez a máis persoas", apuntou Mary Gómez Neira, presidenta da asociación Charamela.

Que a estas alturas o ciclo de teatro é todo un éxito non o discute ninguén, e máis se temos en conta todo o traballo de organización que hai detrás. "Nós estamos moi contentos co resultado porque ademais ensinamos o que é o teatro afeccionado, que realmente é unha vía para chegar ao teatro máis profesional, e tamén é unha vía para implicar á xuventude dentro deste mundo que ten moitos valores que ofrecer", engadiu Mary.

Precisamente con ese obxectivo crearon o ciclo de teatro "para que a xente vise distintas formas de facer teatro; o teatro que facemos persoas que non somos profesionais". As representacións teatrais que se interpretan durante as fins de semana do mes de outubro na Casa da Cultura de Melide están abertas ao público de todas as idades e son gratuítas.

Dende a Asociación Cultural Charamela subliñan a importancia do mundo do teatro para o desenvolvemento persoal. "Eu fago teatro dende os 12 anos e a min persoalmente axudoume a perder a timidez, é incluso como unha vía de escape que ás veces actúa como terapia, e tamén nos axuda a relacionarnos con outros grupos de teatro cos que ao final acabamos creando unha gran amizade que perdura no tempo", explicou a presidenta.

Para todos os que estean interesados en participar no teatro afeccionado e formar parte de Charamela, só teñen que poñerse en contacto con calquera dos membros da asociación.

ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA
VII CICLO DE TEATRO AFECCIONADO
"O TEATRO NO CAMIÑO"

13 de outubro 2018 (SÁBADO ás 21h.)
CLUB DE MAIORES DE BOQUEIXÓN
"Urxencias"

20 de outubro 2018 (SÁBADO ás 21h.)
REBULDEIRA DE SARRIA
"Milagre no convento"

21 de outubro 2018 (DOMINGO ás 20.30h.)
TEATRO LUCHO. HOSPITAL DE LUGO
"O parto de Calandrino"

27 de outubro 2018 (SÁBADO ás 21h.)
ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA DE MELIDE
"Pode ser calquera..."

(Casa da Cultura de Melide)

Un programa piloto dará a coñecer a cultura e a vila de Melide en Santiago

O municipio de Melide será un dos pioneiros en darse a coñecer dentro dun centro comercial pechado, neste caso en Santiago de Compostela, grazas á iniciativa dun empresario melidense, Rodrigo Fernández Pombo, e do propio Concello, que presentarán dito evento o vindeiro 19 de outubro na capital galega.

Un programa piloto

"Trátase dun programa piloto que se realiza por primeira vez e que persegue a finalidade de promover e dar a coñecer un municipio dentro das instalacións do Centro Comercial As Cancelas. Neste senso, o que imos a facer é trasladar simbolicamente o municipio de Melide ao espazo das Cancelas para dalo a coñecer e, logo, se a experiencia funciona ben, este centro comercial pechado continuará coa promoción de máis Concellos dentro do seu establecemento, por iso falamos dun programa piloto", explicou o empresario.

Todo o que é Melide, pero en Santiago

En canto ao evento en si, "para a difusión e promoción de Melide montaremos varios stands tanto do propio Concello como do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo, ao cal pertencemos dentro da comarca; así como das asociacións Asetem e Melide Móvese e dos produtos e sinais de identidade máis representativos cos que contamos".

Promoverase así por exemplo dende o Museo da Terra de Melide, cunha exposición; ata a Festa do Melindre, a través dun show-cooking en directo; pasando por varias degustacións de produtos locais entre os que se atopa o vermú Mejuto; a actuación do mago melidense Dani Polo ou a exposición do vehículo co que os pilotos de rallys locais, Xesús Ferreiro e Javier Anido, gañaron varios campionatos.

"Tanto a exposición do coche de Ferreiro e Anido, como unha mostra fotográfica do máis representativo de Melide terá lugar durante toda unha semana na primeira planta do centro comercial, e a maiores realizaremos actividades para os máis pequenos que incluirán xogos populares e tradicionais que en Melide se promoven dende a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Trátase de intentar facer un pouco de todo, pero con empresas da nosa vila", indicou Rodrigo.

Tanto o show-cooking, como a actuación de maxia, degustacións e demais actividades terán lugar o sábado 20 de outubro. Previamente, dende o luns 15 de outubro e ata o domingo 21, desenvolveranse as distintas exposicións para que os miles de persoas que visitan este centro comercial a diario coñezan a cultura e a tradición da vila. O obxectivo desta iniciativa non é outro que "dar a coñecer Melide fóra da propia comarca".

BREVES

Charla sobre sexualidade en Toques

O vindeiro 25 de outubro ás 12.30 do mediodía está prevista na Aula da natureza de Toques unha charla sobre Afectividade e Sexualidade que será impartida polo sexólogo e traballador social Alfredo Saborido. Trátase dunha campaña de información e concienciación organizada pola Deputación da Coruña en colaboración co Concello de Toques.

Goza do Ulla, ruta de Santiso

O sábado día 20 de outubro organízase unha ruta de sendeirismo duns 8 km de percorrido no concello de Santiso. Será a partir das 9.30 da mañá, tendo como punto de encontro no muíño das Cañizas (Barazón Grande). O lugar de saída será San Xurxo (Mourazos). Para participar é preciso anotarse antes do día 17 de outubro no teléfono 981 81 85 01.

Máis de 300 persoas nas Escolas Deportivas

Un total de 322 persoas participan este ano nas diferentes alternativas que ofrece o Concello de Melide dentro das súas Escolas Deportivas e Culturais. Como cada ano, o fútbol sala foi unha das actividades máis demandadas con máis de medio centenar de inscricións entre todas as súas categorías. O prazo de inscrición está aberto para todas aquelas actividades nas que aínda quedan prazas dispoñibles, como por exemplo: clases de pintura para adultos os sábados, corte e confección os luns, ou os xogos de psicomotricidade.

Ferreiro e Anido, campións de novo

Xesús Ferreiro y Xabier Anido conquistaron o IV Rally Rías Altas, proba que dominaron desde o comezo. A bordo dun Ford Escort RS 1800 MKII, ambos repetiron a vitoria do ano pasado e empatan con Daniel Alonso e Salvador Belzunces no palmarés da proba, ambos cun par de vitorias.

Continuidade no Melide Fútbol Sala Feminino, que xa comezou a liga

O pasado 22 de setembro arrancou a temporada para o Melide Fútbol Sala Feminino coa presentación do equipo local ante o Cidade das Burgas FSF de Ourense, un partido disputado na casa que gozou de gran ambiente e que rematou con vitoria para as de Melide.

Non obstante, o arranque oficial da liga produciuse a fin de semana seguinte, o venres 28, en Santa Comba, a onde se trasladou o club melidense para xogar un encontro ante un dos favoritos da competición, o Viaxes Amarelle. "Neste caso a estrea na liga foi con derrota, pero tamén é verdade que chegamos cun cadro de xogadoras un pouco minguado, pois algunhas delas non puideron asistir ao partido", apuntaron dende o club.

Xa o sábado 6 de outubro tivo lugar o debut en Melide contra a Sociedade Deportiva Villestro de Santiago. "Neste partido empatamos a tres, quizais tamén nos pesou un pouco o hándicap dunha plantilla un pouco escasa, volveron a faltar-nos dúas rapazas, outra estaba mala, e ás veces parece que os partidos resultan máis longos cando non dispós dunha bancada suficiente; digamos que este ano o noso cabalo de batalla vai a ser contar ou non con toda a xente o día dos partidos".

Este ano ademais o Melide FSF só compite cun equipo en vez de con dous, o grupo que participa na Primeira Galicia Feminina Sénior. Mais, "a pesar de competir cun só equipo non estamos sobrados de xente, agora mesmo somos dez en plantilla e con posibilidade dalgunha fichaxe". Con todo, dende o club afrontan con ganas a temporada, especialmente as xogadoras que "practicamente continúan sendo as mesmas dende o primeiro ano". Unha formación xa "consolidada" que participa nunha liga con dez equipos e un total de 18 partidos. Ademais, "o nivel dos diferentes clubs semella estar máis igualado que outros anos". En canto aos obxectivos, a intención do Melide Fútbol Sala Feminino será rematar a competición "entre os tres primeiros clasificados".

Os adestradores Fran e Pablo

Pola súa banda, Fran Monterroso e Pablo Gómez continúan ao fronte do equipo como adestradores. Dende o club non quixeron deixar pasar a oportunidade para agradecerlles "a súa implicación, traballo e esforzo", así como ao Concello de Melide, á Deputación e á Xunta pola súa "colaboración e apoio". O Melide FSF retomará a liga a fin de semana do 20 de outubro.

Educación, cuestión de cifras

Manuel e Andrea, O Pequeno Besbello

A nosa educación está plagada de números. Matemáticas? Non. Economía, avaliación, estatística, contabilidade... Números dirixidos a clasificar, contabilizar, repartir e economizar.

Esta versión deshumanizada e baseada nunha concepción de xerencia, leva irremediablemente a esquecerse das alumnas, dos alumnos, as súas necesidades e, polo tanto, a limitar o labor dos profesionais.

Un exemplo: Arcediago. Poucos alumnos, contexto rural, gasto indesexable. Unha molestia económica e territorialmente mal distribuída.

A solución que se nos plantexa é reducir personal e aumentar o aforro. Decisión que leva invevitablemente ao empeoramento da calidade educativa e a entorpecer a función dos mestres e especialistas.

Limitar a xestión educativa á asignación de recursos nun sistema de coste-beneficio é un signo evidente da decadencia do mesmo sistema e da precariedade nas aspiracións para as presentes e futuras promocións.

O acontecido en Arcediago é o exemplo perfecto do abandono xeral ao que se ve avocado o rural galego e que debe ser remediado se pretendemos garantir o futuro das próximas xeracións.

Afortunadamente a presión das familias evitou o maior dos males, conseguindo un parche, unha tregua nunha guerra que non parece ter rematado aínda.

Forza, ánimo e firmeza para reclamar os dereitos e recordar as obrigacións.

A cousa vai... de peche de escolas

Xosé Núñez López, *Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña*

Non é nada novo a intención de recortar no ensino público, estámolo vendo co colexio de Santiso e vímolo anos atrás coa escola de Visantoña. De feito, en Visantoña pechou o Grupo Escolar por falta de rapaces cando a Escola de Música tiña máis alumnos que nunca, algo que non deixa de ser contraditorio.

Alguén me pode explicar ese enigma? Porque, se nunha mesma parroquia, por un lado ten que cerrar o Grupo Escolar por falta de rapaces e, por outra banda, debido á cantidade de alumnos da Escola de Música ata se queda pequeno o local, tanto que incluso para impartir certas clases de música e movementos é necesario desprazarse a locais máis amplos..., como se "come" iso?

Paréceme a min que, incluso sen ser músico, a reflexión sobre o de que nunca tivo tantos alumnos a Escola de Música coma os do curso 2013-2014 cando se pechou o Grupo Escolar, debeuse sen dúbida á grande profesionalidade dos profesores e a un amplo traballo dos mesmos levado a cabo con capacidade e bo facer, con rapaces dende os 3 anos de idade, tal e como se puido comprobar nese momento no festival de Fin Curso celebrado no polideportivo de Visantoña. Alí non se podía máis que quedar abraiado vendo como eses nenos e nenas de

3 anos facían os mesmos movementos e cantaban as cancións como os de máis idade, cousa que engaiolaba e producía unha gran satisfacción aos seus pais e a todos os que presenciamos o marabilloso espectáculo.

Non obstante, deixando iso a un lado e cinguíndonos ao ensino público, a realidade foi que o Grupo Escolar, situado na parroquia de Visantoña, pechou para o seguinte curso por falta de rapaces, dixeron naquel momento.

Se ben se pode chegar a entender que non é posible ter a un profesor só para dous ou tres rapaces por aula, non deixa de ser lamentable que iso ocorra debido ao continuo despoboamento que está padecendo o rural galego, e máis cando hai tanta vida nas nosas terras e montes.

Se houbese intención verdadeira por parte das administracións para poñer en valor os recursos de tan grandes extensións de terreos baleiros, cando son aptos para a produción, non só de madeiras, senón tamén de forraxes, prados, froiteiras, etc, non teríamos estes problemas de despoboamento, ou polo menos non se verían tan agravados. Áinda que sexa difícil, cómpre seguir pelexando para que isto non vaia a máis, nin o despoboamento nin o peche de escolas.

Maldito setembro

Pablo Lorenzo

Maldito setembro, non pola volta ao cole, non pola volta ao traballo, si pola volta á rutina..., pero á rutina de volver a ver, ler ou escoitar que outra muller máis foi asasinada a mans da súa parella ou exparella. Non podemos caer nesa rutina, en que acabe sendo algo normal: unha desgraza máis. Non podemos tolerar que a unha soa persoa máis lle arrebaten a vida.

Sinto a impotencia de que non se tomen medidas de verdade, de ver como ignoramos esas mortes co pensamento egoísta de que "non me tocou na miña contorna, non é alguén coñecido, iso pasou lonxe de aquí". Pero podería ser eu, poderías ser ti.

En moitos casos pode ser erro das medidas a tomar, sexa de forma persoal debido ao medo co que se pode chegar a vivir, sexa porque as medidas xudiciais non están á altura dos feitos que debían protexer. Pero deberiamos ver un pouco máis alá, fixarnos no día a día e traballar na educación no ámbito social e persoal. Certamente, neste tema houbo unha evolución, pero o camiño que queda por percorrer inda é inmenso. Con isto refírome a que o machismo está instaurado na nosa educación; e en nos está deixar un legado de igualdade, en educar a quen nos compete e a quen nos rodea mostrando que homes e mulleres somos seres humanos, que a violencia en calquera contexto nunca está xustificada. Educar nos valores do respecto e a igualdade.

Os micromachismos que nos rodean cada día son fiel reflexo disto último, e non só me refiro a que digamos "os rapaces, en lugar de rapazas e rapaces", senón por exemplo a cando che traen unha bebida e, sen preguntar, dan por suposto que a que ten alcohol é para o home e o refresco para a muller, ou cando un home di que "axuda" nos labores do fogar. Son só algúns exemplos nos que debemos fixarnos para tratar de corrixir, e máis que corrixir, para tratar de educar en igualdade.

Todos e todas debemos darlle unha volta a todo, porque nin só os homes toman actiutudes machistas nin o feminismo é un movemento (que por certo: defende a igualdade) que só defenden as mulleres.

A través da educación podemos facer moito, xa que o machismo non é algo innato, é algo aprendido. Mentres non lle deamos o valor que de verdade merece continuará aumentando a violencia. Reflexionemos sobre o que estamos ensinando e como estamos educando, todo para que non se produza nin un asasinato máis.

Falta de planificación

Emilio Ares Rico

Os anuncios baleiros implican o perigo de construír realidades paralelas que nunca cheguen a materializarse, por iso é bo que haxa moitas "Melidás" (Asociación Veciñal Melidá), que loiten e intenten eliminar eses perigos. Así, os nosos gobernantes intentarán ser optimistas en facer proxeccións de futuro e ter unha visión positiva realmente fundamentada, que será ouro para todos.

As asociacións son as principais portas dos paraísos municipais; cantas máis ilusións hai, máis paraísos se descobren.

Grazas ás asociacións conséguense os grandes cambios; conséguense polas distintas propostas que se expoñen, e cada unha desas propostas lógrase superando a pereza, fixando un obxectivo, planificando un conxunto futuro de proxectos para funcionar nunha orde con respecto e liberdade para o goce de todos.

A concreación obríganos a ser escrupulosos nos obxectivos fáciles de cumprir e con tolerancia cero, pois así respetarémonos nunha orde planificada e para o ben de todos.

“Moitos nenos nacen con problemas visuais que se poden detectar cunha simple revisión”

Leva dende o ano 1984 en Melide como Óptica Abal, dende hai cinco, como Alain Afflelou e, dende sempre, velando pola saúde visual do público en xeral. Define os cambios que sufriu o sector como unha “evolución brutal” sempre en beneficio dos seus clientes, tanto a nivel estético como tecnolóxico e de saúde; non obstante, destaca o preocupante aumento nos últimos anos do número de persoas que padecen miopía. Ante isto, lembra a necesidade de revisar a nosa vista, polo menos, unha vez ao ano, así como as numerosas promocións e campañas que dende Alain Afflelou sempre teñen en marcha.

Luz Abal (no centro da imaxe), xunto a Alicia (esquerda) e Cristina (dereita), na óptica Afflelou en Melide

- Como definiría os servizos que ofrece unha óptica?

- Luz Abal (L.A.): Dende o meu punto de vista unha óptica encárgase da saúde visual do público en xeral. Dende hai uns anos firmouse un acordo coa Seguridade Social polo que nós, os ópticos e profesionais da optometría, graduamos a vista e velamos para que a xente en xeral se coide e se lle poida detectar a tempo calquera defecto visual. Unha das cousas que facemos é a de mirar a tensión ocular, co que podemos detectar un glaucoma por exemplo e mesmo evitar o que á larga implicaría unha cegueira irreversible. Hai que destacar que despois de examinar a unha persoa tamén decidimos se debe acudir a un especialista e, se simplemente se trata dun defecto visual, xa o solucionamos mediante unhas lentes sen necesidade de acudir ao oftalmólogo. Así, o tema dos anteollos é a parte final, é dicir, solucionamos un defecto visual cunhas lentes, pero iso si, debemos entender as lentes como un complemento que vai a mellorar a nosa saúde visual, non como un elemento que nos vai a curar. A maiores é necesario destacar que dende Alain Afflelou unha das campañas que temos agora mesmo en marcha é a de concienciación; unha campaña orientada á detección precoz de problemas visuais en nenos. Trátase de que todos o nenos a partir de 5 anos veñan á óptica a facer a súa primeira revisión para detectar se hai algún problema visual que poida desembocar nun problema de visión e, polo tanto, de aprendizaxe.

- A que idade debe comezarse coa revisión da vista?

- L.A.: Na óptica pódeselle facer unha revisión a calquera persoa, mesmo a un neno desde que saiba contestar. Sen embargo, aos nenos que son moi pequenos remitímolos normalmente por primeira vez a un oftalmólogo, despois, a partir dos 8 anos as revisións xa se lle poden facer perfectamente na óptica. É unha das cousas máis importantes que debemos ter en conta, a necesidade de facerlle unha revisión aos nenos máis pequenos; debemos acudir ao oftalmólogo porque así detectaremos a aparición dun ollo vago e poderemos solucionalo; é incrible a cantidade de nenos que nacen con este problema e só ven dun ollo e do outro non, e se iso se detecta nun neno moi pequeno, incluso de meses, pódese solucionar, pero como pasen dos 3 anos, mellorará moi pouco.

- Cada canto tempo se debe realizar unha revisión?

- L.A.: Deben de ser anuais.

- Cales son os colectivos que deben prestar máis atención ao coidado da vista?

- L.A.: Hai idades; por exemplo, á xente moza cando lle empeza unha miopía a tendencia é que vaia a máis, que vaia subindo ata que se lle quede estancada, entón esas persoas deberían facer unha revisión cada ano porque lle vai a ir cambiando a graduación. Despois hai unha idade, ata que empeza a presbicia, que é cando empezamos a necesitar anteollos para ler, e iso adoita aparecer a partir dos 40 anos. E tamén hai colectivos ou profesións nas que non é que exista a necesidade de revisar máis a vista, senón a necesidade de coidala máis, por exemplo un soldador ou un condutor profesional, ou os que traballan de cara a unha pantalla de ordenador. As lentes de sol por exemplo non son hoxe en día un capricho ou un complemento, senón unha necesidade, porque van a protexer a túa retina e van evitar que a catarata se produza moito antes. É máis, as lentes de sol deben de empezar a utilizarse dende que un é pequeniño, os nenos pequenos xa deberían empregalas.

- Que factores danan os nosos ollos?

- L.A.: O sol, as pantallas de móbil, de ordenador, todo iso. É dicir, a luz ultravioleta, os infravermellos, ese tipo de raios que danan a pel pero tamén a vista. Un neno que xoga cun móbil non debería facelo máis de media hora ao día. Recentemente ademais saíu un estudo que falaba da miopía producida polos dispositivos móbiles como unha nova epidemia en países como China ou Xapón. E o ollo ten que mirar ao lonxe para recuperar e descansar a vista, é a única maneira.

- Algún problema que detecten agora de forma máis habitual?

- L.A.: Dende que eu empecei a traballar ata agora si, moita miopía sobre todo, e tanto en xente moza como non tan moza. E penso que moito vén de abusar dos tempos que pasamos diante dunha pantalla, sexa móbil, ordenador, tele, GPS, etc. E xunto á miopía, o problema máis habitual adoita ser a presbicia.

- Que tipo de promocións teñen en Alain Afflelou?

- L.A.: Alain Afflelou sempre ten unha promoción en marcha que é a de que un cliente compra as súas primeiras lentes e ten, por un euro máis, unhas segundas. Esta promoción está vixente todo o ano e, despois, dúas veces ao ano, en Nadal e en verán, por ese euro máis, o cliente pode levar en vez de unha, dúas lentes máis. A maiores, ao longo do ano hai outro tipo de pequenas promocións como por exemplo a de Smart Tonic, focalizada nun produto específico de anteollos graduados con clip e, noutras temporadas, temos campañas de progresivos, de lentes de contacto, etc, orientadas a públicos concretos. Pero sempre temos algunha campaña en marcha.

- Falando de saúde entón, non temos que temer aos prezos

- L.A.: Nunca. O servizo que damos aquí na óptica é, por unha parte, un servizo de detección de problemas que iría dentro da parte de saúde visual e, por outra parte, que ese problema visual pódese axustar a unha serie de promocións e unha serie de vantaxes que vai a ter o cliente final ao vir aquí. É dicir, o que buscamos en Afflelou é complementar todo o círculo dende que o cliente entra ata que o cliente marcha cos seus anteollos, e para iso temos protocolos específicos como é o protocolo optométrico personalizado que é exclusivo de Afflelou, promocións exclusivas como as de Tchin Tchin, etc, e despois todo combinado tamén con revisións continuas e garantías para que o cliente estea tranquilo utilizando as súas lentes, tanto garantías de rotura como por defecto de fabricación, de adaptación, etc, e tamén facilidades de pago no caso de que sexan necesarias, é dicir, en Alain Afflelou non remata o proceso cando o cliente marcha coas súas lentes, senón que continuamos coidando del, e pague o prezo que pague, o cliente terá acceso a todas as garantías e servizos. En Alain Afflelou non hai limitacións para iso, trátase de velar pola saúde visual do cliente.

Alain Afflelou Melide
Tlf: 981 50 60 97
Rda da Coruña 16, Melide

Revisión GRATIS

¿QUIERES ESCUCHAR UNA BUENA NOTICIA?

Olvídate de que te repitan las cosas para entenderlas
y repite con nosotros: **revisión gratis en Rosalmar**

Pásate por **ROSALMAR** y descubre nuestros audífonos **SIEMENS** al mejor precio, prácticamente **invisibles.**

CLÍNICA MÉDICA RosalmaR

Encuéntranos en la Pza. das Universidades, 5 bajo en **Melide**
O llama y solicita tu primera consulta gratis
981 50 62 28

Todas las revisiones auditivas se realizan en **colaboración** con Audinor, en Lugo desde 1990

Audinor CENTROS AUDITIVOS